

**DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA**

Rúa Madrid, 2-4, 2º piso – Fontiñas  
15781 Santiago de Compostela.-

**ASUNTO: Solicitud de modificación da Instrucción publicada o 12 de febrero do 2021 da Dirección Xeral de Xustiza sobre ceses e tomas de posesión derivada da resolución definitiva do concurso de traslados convocado por resolución do 28 de xullo de 2020.**

1.- En fecha 12 de febreiro do 2021 a Dirección Xeral de Xustiza publica Instrucción sobre ceses e tomas de posesión derivada da resolución definitiva do concurso de traslados convocado por resolución do 28 de xullo de 2020, dispoñendo no seu punto catro sobre Sustituicións e Comisións de servizo que:

*“O persoal funcionario titular que obtivo praza no concurso e está a desempeñar unha substitución ou comisión de servizos cesará nestas, na mesma data do cese no seu posto definitivo de orixe.”*

2.- Por Resolución do 7 de maio de 2008, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se regulan as substitucións entre funcionarios ao servizo da Administración de xustiza en Galicia, modificada pola Rresolución do 2 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Xustiza, dispón no seu artigo sétimo:

*“Sétimo. Duración das substitucións e cesamento do substituto.*

- 1. A substitución finalizará cando se incorpore o/a titular do posto ou remate a causa que motivou a substitución, así como pola renuncia do substituto ou por amortización da praza.”*

Dito doutro xeito, as causas para a finalización e consecuente cesamento do substituto son as seguintes:

- Cando se incorpore o/a titular do posto.
- Cando remate a causa que motivou a substitución.
- Pola renuncia do substituto.
- Por amortización da praza.

3.- Cumplindo o mandato do artigo 527 da Ley Orgánica 6/1985, de 1 de julio, do Poder Xudicial, que dispón que *“Reglamentariamente se establecerán los supuestos y el procedimiento aplicable a las sustituciones”*, o Real Decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Ingreso, Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional do Persoal Funcionario ao Servizo da Administración de Xustiza, dispón no punto sétimo do seu artigo 74:

*“Artículo 74. Sustituciones.*

*7. El funcionario sustituto cesará cuando se incorpore el titular del puesto o finalice la causa que motivó la sustitución.”*

Podemos observar novamente que dito precepto contempla como únicas causas de cese do sustituto as seguintes:

- Cando se incorpore o titular do posto.
- Cando finalice a causa que motivou a sustitución.

4.- Neste sentido pronúnciase a sentenza estimatoria do Xulgado do Contencioso Administrativo número 2 de Vigo no Procedemento Abreviado 61/12 ao dispoñer nos Fundamentos de Dereito que: *“la toma de posesión efectuada efectuada por el actor en la plaza obtenida en el concurso de traslados no tiene el valor jurídico de renuncia a continuar en la sustitución vertical”* y *“La interpretación realizada por la Dirección Xeral de Xustiza, equiparando dicha toma de posesión a una renuncia carece de fundamento, que se trata de situaciones compatibles, debiendo haber continuado en el desempeño de la sustitución vertical, sin perjuicio del cambio de destino en la plaza en la que el funcionario era titular, ya que esa toma de posesión no implica ninguna voluntad de dejar de continuar desempeñando esa sustitución”*

5.- Como se pode deducir e queda perfectamente claro, na normativa reguladora das substitucións entre funcionarios da Admon. de Xustiza, non se dispón en ningún momento como causa de cese a adxudicación de praza nun concurso ordinario de traslado. Pero non só non se recolle ese presuposto senon que ademais non se dispón prohibición algunha para seguirse mantendo na substitución cando se obteña praza nos concursos de traslado. Sencillamente o disposto na devandita Instrucción sobre cese dos substitutos ou en comisión de servizo é contrario co disposto na propia normativa autonómica, así como na nacional, polo que debe ser inmediatamente retirada das instruccións sobre cese e toma de posesión publicadas o 12 de febreiro pasado.

O único que dispón a convocatoria do concurso de traslados entre funcionarios dos Corpos e Escalas de Xestión Procesual e Administrativa, de Tramitación Procesual e Administrativa e de Auxilio Xudicial da Administración de Xustiza é que *“Los destinos adjudicados en la resolución definitiva serán irrenunciables”*. Por suposto que ninguén pretende renunciar as prazas adxudicadas no concurso, e as obrigas de todos eles están igualmente claras, pero isto non é en ningún caso incompatible coa permanencia no posto de traballo que ocupa o funcionario en substitución ou comisión mentres non teña que cesar por algunha das causas de cese que xa expusimos nos puntos anteriores. Así tamén se entendeu dende esa mesma Dirección Xeral de Xustiza cando en anos anteriores permitiron a continuación no posto de traballo ocupado en substitución e en comisión. Neste sentido sorprende o cambio dun criterio que achegou

estabilidade ao persoal dos xulgados e que sen explicación nin fundamentación xurídica ou práctica é modificado unilateralmente por esa DXX.

O prexuízo para os xulgados ou unidades xudiciais que perdan funcionarios ao ser cesados nas súas substitucións, insistimos en que sen causa algunha, é maiúsculo dado que o traballo realizado por eles será paralizado ata que se volva a cubrir novamente a praza polos procedementos de provisión ordinarios, pero para maior abundamiento no problema aínda cando se volva a cubrir a praza, o novo funcionario designado tardará en render ao ritmo que o facía o anteriormente cesado, causando un prexuízo innecesario a obo funcionamento do xulgado.

6.- Dende outro punto de vista, o da efectividade e conveniencia da decisión da Dirección Xeral de Xustiza, tampoco se entende a devandita disposición, nin beneficia nin aporta nada positivo tanto ao funcionario individualmente, o ao colectivo en xeral, nin moito menos ao funcionamento dos Xulgados ou da Administración de Xustiza. O cese destes funcionarios nas substitucións ou comisións non supón beneficio tampouco para a Administración da Xunta de Galicia nin as súas delegación de Xustiza ou Xefaturas Territoriais, todo o contrario, provocará máis movementos de persoal que requirarán un maior esforzo na súa xestión. Se a devandita decisión non trae beneficio para ninguén e, o máis importante, non se axusta ao ordenamento xurídico, entón non se entende dende ningunha perspectiva.

7.- A inseguridade xurídica provocada por esta decisión, e falamos de inseguridade xurídica dado que o funcionario que solicita unha substitución ou comisión de servicio espera ser cesado só cando se den as causas recollidas na regulación vixente e non por decisión arbitraria da Administración non amparada por ningunha normativa. Impoñéndolles incluso unha sanción inesperada e ilícita ao non poder volver solicitar outra substitución ata que transcorra o período de seis meses, inesperada polo cambio repentino do criterio utilizado ata hoxe e ilícita ao ser o resultado da aplicación dun criterio que non se axusta ao ordenamento xurídico.

Sen esquecermos de que tanto a participación no concurso de traslado ou na convocatoria dunha substitución son voluntarias, non é menos certo que a decisión do traballador de participar nas devanditas opcións poderían ser distintas se se lles informase previamente da intención do cambio de criterio. En ningún caso o traballador pode esperar semellante cambio dado que, sendo coñecedor das condicións que asume, debido a que están reguladas en normativa pública, non pode nunca esperar que non sexan respectadas polo que debe o seu maior garante e incluso o que foi o seu autor.

Este cambio de criterio o único que provocará, con total seguridade, é un aluvión de demandas contencioso administrativas de funcionarios que ven os seus intereses vulnerados por un cese inxusto, incomprendible e ilegal.



**SINDICATO DE TRABAJADORES DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**  
**SINDICATO INDEPENDIENTE E ESPECIFICO DE XUSTICIA**

8.- Desde o ámbito sindical vémonos obrigados a facer o máis profundo reproche cara á actitude da Dirección Xeral de Xustiza dado que se “esquece” do principio fundamental de negociación cos sindicatos representativos cando se afronta unha modificación das condicións laborais dos traballadores, e nesta ocasión non se trata só dunha falta de negociación senón que nin sequera informóusenos da intención de variar un criterio que altera en gran medida as devanditas condicións laborais.

Por todo o exposto SOLICITO a retira do disposto na Instrucción publicada o 12 de febrero do 2021 da Dirección Xeral de Xustiza sobre ceses e tomas de posesión derivada da resolución definitiva do concurso de traslados convocado por resolución do 28 de xullo de 2020 que dispón que *“O persoal funcionario titular que obtivo praza no concurso e está a desempeñar unha substitución ou comisión de servizos cesará nestas, na mesma data do cese no seu posto definitivo de orixe.”* e a consecuente publicación de unha nova instrucción que dispoña como en anos anteriores que o persoal funcionario titular que obtivo praza no concurso e que está desempeñando unha substitución en órganos desta comunidade autónoma poderá continuar na substitución ata que se incorpore (de forma efectiva) a persoa titular do posto ou finalice a causa que motivou a substitución, sempre que así o solicite previamente.

Pontevedra, a 15 de febrero de 2021

Fdo. Enrique Araujo Martínez  
Coordinador STAJ GALICIA

